

SYLVIA PLATH

A campá de vidro



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2022.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

Irmás Cartoné, 2023

Título orixinal: *The Bell Jar*

Tradución: Celia Recarey Rendo

Corrección: Beatriz Fariñas Garrote

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

© Sylvia Plath, 1963

Publicado mediante acordo con Casanovas & Lynch Literary Agency S.L.

ISBN: 978-84-126247-0-0

Dep. legal: C 171-2023

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización expresa por escrito dos titulares do Copyright ©.

SYLVIA PLATH

A campá de vidro

Tradución de Celia Recarey Rendo



Para Elizabeth e David

Capítulo un

Foi un verán raro, abafante, o verán que electrocutaron os Rosenberg, e eu non sabía o que estaba a facer en Nova York. Son unha parva con iso das execucións. A idea da electrocución ponme enferma e non se podía ler máis nada nos xornais: titulares de ollos arregalados que me fitaban en cada esquina e en cada boca de metro rancia co seu cheiro a cacahuetes. Aquilo non tiña nada que ver comigo, pero non podía evitar preguntarme como sería que che queimasen viva os nervios todos.

Parecíame que tiña que ser a peor cousa do mundo.

Nova York xa era malo abondo. Ás nove da mañá a falsa lentura campestre que dalgún xeito calara ao longo da noite evaporábase como o final dun doce soño. Dun gris miraxe no fondo dos seus canóns de granito, as rúas quentes tremían ao sol, os capós dos coches crepitaban e escintilaban e unha poeira seca e borrallenta metíaseme nos ollos e pola gorxa abaixo.

Non deixaba de oír falar dos Rosenberg na radio e na oficina, e non os daba sacado da cabeza. Era como a primeira vez que vin un cadáver. Semanas despois, a cabeza do cadáver —ou o que restaba dela— aboiaba por tras dos ovos con touciño do almorzo, e por tras da cara de Buddy Willard, que

era o responsable de que eu o vise en primeiro lugar, e logo comecei a sentir como se levase a cabeza daquel cadáver canda min por un cordel, como unha especie de globo negro sen nariz que fedía a vinagre.

Sabía que non me atopaba ben aquel verán porque só pensaba nos Rosenberg e no parva que fora ao comprar toda aquela roupa incómoda e cara que penduraba, murcha, no meu roupeiro e en como todos os pequenos éxitos que tan felizmente fora acumulando na facultade quedaran en auga de castañas ante as pulidas fachadas de mármore e vidro de Madison Avenue.

En teoría, estaba a vivir os mellores momentos da miña vida.

En teoría, era a envexa de milleiros de universitarias coma min en toda América cuxo maior desexo era andar a corricar con aqueles mesmos zapatos de charón do número sete que comprara en Bloomingdale's un día á hora do xantar cun cinto de charón negro e unha carteira a xogo. E cando saíse a miña foto na revista onde estabamos a traballar nós as doce —bebendo martinis cun revelador corpiño de *lamé* que imitaba prata sobre unha gran nube de tule branco na azotea dalgún rañaceo, acompañada de varios mozos anónimos con estruturas óseas perfectamente americanas alugados ou emprestados para a ocasión— todo o mundo pensaría que o estaba a pasar de medo.

Mira o que pode suceder neste país, dirían. Unha moza vive dezanove anos nun lugar perdido, tan pobre que non se pode permitir nin comprar unha revista, consegue unha bolsa para ir á universidade, gaña un premio aquí e outro acolá e

A campá de vidro

acaba manexando Nova York como se fose o seu coche particular.

Só que eu non estaba a manexar nada, nin sequera a min mesma. Só rebotaba do meu hotel ao traballo e a festas, e das festas ao meu hotel e de volta ao traballo como un trolebús apampado. Supoño que debería de estar tan entusiasmada como estaban as outras rapazas, pero eu non daba reaccionado. Sentíame moi parada e moi baleira, como debe sentirse o ollo dun tornado ao avanzar, atordado, no medio de todo o balbordo.

Eramos doce no hotel.

Todas gañáramos un concurso dunha revista de moda escribindo artigos e contos, poemas e textos publicitarios sobre moda e, a modo de premio, déranos cadanseu traballo en Nova York por un mes, con gastos pagos e moreas e moreas de agasallos, como entradas para o ballet e pases para desfiles de moda, peiteados nun salón famoso e caro, oportunidades para coñecer xente de éxito no eido que desexásemos e mais consellos para sacarlle partido á nosa complexión.

Aínda teño o estoxo de maquillaxe que me deron, provisto de produtos para unha persoa de ollos e cabelo castaños: un rectángulo de máscara castaña cun pincel diminuto, un recipiente redondo con sombra de ollos azul do tamaño xusto para untar a punta do dedo e mais tres barras de labios que ían do vermello ao rosa, todo metido na mesma caixiña dourada cun espello nun lateral. Tamén teño unha funda de plástico branco para as lentes de sol, con cunchas e abelorios de cores e unha estrela de mar de plástico verde cosida.

Decatábame de que acumulabamos aqueles agasallos porque era publicidade gratis para as marcas implicadas, pero non podía ser cínica. Encantábanme aqueles regalos que nos caían do ceo. Despois agocheinos durante moito tempo, pero máis adiante, cando volvíñ estar ben, saqueinos e aínda os teño pola casa. Uso as barras de labios de cando en vez e a semana pasada cortei a estrela de mar da funda das lentes para que o bebé xogase con ela.

De modo que eramos doce no hotel, na mesma ala do mesmo andar, en cuartos individuais, un detrás doutro, e aquilo recordábame ao dormitorio do meu colexio maior. Non era un hotel de verdade, é dicir, un hotel onde había homes e mulleres mesturados aquí e acolá no mesmo andar.

Aquel hotel —o Amazon— era só para mulleres, e eran sobre todo mozas da miña idade con pais ricos que se querían asegurar de que as fillas ían vivir onde os homes non puidesen acceder a elas e enganalas; e ían todas a elegantes academias de secretaría, como a Katy Gibbs, onde tiñan que levar chapeu, medias e luvas á clase, ou acababan de graduarse en lugares como a academia Katy Gibbs e eran secretarias de executivos e executivos júnior e só estaban en Nova York agardando para casar con algún home de carreira.

A min parecíame que aquelas rapazas se aburrían moitísimo. Víaas na azotea bocexando e pintando as unllas e tratando de manteren os bronceados que trouxeran das Bermudas, e parecían aburridas de todo. Falei cunha delas e estaba aburrida de iates, e aburrida de voar en avión, aburrida de esquiar en Suíza no Nadal e aburrida dos homes do Brasil.

Esas rapazas pónenme enferma. Danme tanta envexa que fico sen palabras. Dezanove anos e non saíra nunca de Nova

Inglaterra agás por aquela viaxe a Nova York. Era a miña primeira grande oportunidade, pero velaquí estaba, deixando que me escorregase entre os dedos como unha presada de auga.

Supoño que un dos meus problemas era Doreen.

Nunca coñecera unha rapaza como Doreen. Doreen viña dunha universidade do sur para rapazas de clase alta e tiña un cabelo brillante e branco que lle envolvía a cabeza como algodón de azucre e os ollos azuis como bólas de ágata transparente, duros e pulidos e case igual de indestrutibles, e unha boca que debuxaba un perpetuo sorriso displicente. Non era dunha displicencia desagradable, senón divertida, misteriosa, como se toda a xente que a rodeaba fose un pouco boba e ela puidese facer chistes bastante bos sobre toda ela se lle petase.

Doreen escolleume deseguida. Facíame sentir que era moito máis aguda que as demais, e o certo é que era divertidísima. Adoitaba sentar onda min na mesa de reunións, e mentres as celebridades que nos visitaban falaban, bisbábame ocorrentes comentarios sarcásticos polo baixo.

Na súa universidade dábaselle tanta importancia á moda, dicía, que todas as rapazas mandaban facer fundas para as carteiras do mesmo tecido que os seus vestidos, así, cada vez que cambiaban de roupa, tiñan unha carteira a xogo. Este tipo de detalles impresionábanme. Suxerían toda unha vida de maravillosa e elaborada decadencia que me atraía como un imán.

A única cousa pola que Doreen me reprendía era por molestarme en entregar as miñas encargas dentro do prazo.

—Para que te preocupas tanto por iso? —Doreen estomballábase na miña cama, vestida cunha bata de seda rosa

e limando as súas longas unllas amareladas pola nicotina cunha lima de esmeril mentres eu mecanografaba o borrador dunha entrevista cun dos novelistas máis vendidos.

Esa era outra: as demais tiñamos camisóns de verán de algodón amidonado e batas de guata, ou se cadra albornoces de rizo que tamén valían para a praia, pero Doreen levaba aquelas prendas longas de nailon e seda medio transparentes, e camisóns da cor do pecado que se lle pegaban ao corpo por efecto dalgún tipo de electricidade. Tiña un olor interesante, levemente suorento, que me lembraba as follas repenicadas das *comptonias* que partes e esmagas entre os dedos para lles sacar o almisce.

—Xa sabes que á vella J. C. non lle vai importar un pito que a reportaxe estea lista hoxe ou o luns. —Doreen prendeu un cigarro e deixou saír o fume lentamente polas ventas do nariz, de modo que lle velou os ollos—. J. C. é fea como un pecado —proseguiu Doreen toda fresca—. Aposto a que o vellouqueiro do marido apaga todas as luces antes de se achegar a ela para non trouzar.

J. C. era a miña xefa, e a min caíame moi ben, malia o que dicía Doreen. Non era desas persoas excesivamente efusivas, típicas das revistas de moda, con pestanas postizas e xoias rechamagueiras. J. C. tiña cabeza, que fose fea como un croio non parecía importar. Sabía ler nun par de idiomas e coñecía a todos os escritores de calidade do negocio.

Tratei de imaxinar a J. C. sen o seu estrito traxe de oficina e o chapeu de saír xantar, metida na cama co gordo do marido, pero simplemente non fun capaz. Sempre me custaba moitísimo imaxinar as persoas na cama.

J. C. quería ensinarme algo, todas as mulleres de idade que coñecín na vida quixeron ensinarme algo, pero de súpeto parecíame que non tiñan nada que ensinarme. Púxenlle a tampa á máquina de escribir e pecheina.

Doreen sorriu de orella a orella.

—Rapaza lista.

Alguén petou á porta.

—Quen é? —Non me molestei en erguerme.

—Son eu, Betsy. Vas vir á festa?

—Supoño. —Seguín sen ir abrir a porta.

A Betsy importáranas dereitiña de Kansas, coa súa rebuldeira cola de cabalo loira e o seu sorriso de nena bonita de Sigma Chi. Lembro que unha vez nos citaron no despacho dun produtor de televisión mal barbeado e cun traxe de raia diplomática para ver se tiñamos algunha idea que el puidese desenvolver para un programa e Betsy púxose a falar do millo macho e o millo femia en Kansas. Entusiasmouse tanto co raio do millo que até ao produtor lle viñan as bágoas aos ollos, só que, desgraciadamente, non podía utilizar nada de todo aquilo, dixo.

Máis adiante, a editora da sección de beleza convenceu a Betsy para cortar o cabelo e convertela en portada e aínda vexo a súa cara de cando en vez, sorrindo desde eses anuncios: «A muller de P.Q. viste de B. H. Wragge».

Betsy sempre me andaba a propoñer que fíxese cousas con ela e con outras rapazas, como se tratasen de salvarme dalgún xeito. Nunca lle propoñía nada a Doreen. En privado, Doreen chamáballe a Cándida vaqueira.

—Queres vir no noso taxi? —dixo Betsy a través da porta.

Doreen negou coa cabeza.

—Deixa estar, Betsy —dixen—, xa vou con Doreen.

—Moi ben. —Oín a Betsy afastarse amodo polo corredor adiante.

—Imos e, cando nos fartemos, marchamos —díxome Doreen mentres esmagaba o cigarro na base da lámpada de lectura que tiña na mesa de noite— e saímos pola cidade. Esas festas que montan aquí recórdanme os vellos bailes que se facían no ximnasio da escola. Por que sempre andan a recadar estudantes de Yale? Son tan paaarvos!

Buddy Willard fora a Yale, pero agora que o pensaba, o que tiña de malo era que era parvo. Ai, conseguira sacar boas notas, si, e ter unha aventura en Cape Cod cunha camareira horrible chamada Gladys, pero non tiña unha chisca de intuición. Doreen tiña intuición. Todo o que dicía era como unha voz secreta que falaba directamente desde os meus ósos.

Quedamos atascadas no tráfico da hora punta do teatro. O noso taxi ficou entalado detrás do de Betsy e diante dun taxi con outras catro rapazas, e nada se movía.

Doreen estaba estupenda. Levaba un vestido de encaixe branco con escote palabra de honor sobre un cinguido xustillo que lle afinaba a figura pola zona media e lla realzaba de novo dun xeito espectacular por arriba e por abaixo, e a súa pel tiña un brillo bronceado baixo os pálidos pos da maquillaxe. Arrecendía forte, como unha perfumaría enteira.

Eu levaba un vestido de tubo negro que me custara corenta dólares. Era unha das compras compulsivas que fixera co diñeiro da miña bolsa de estudos ao saber que era unha das afortunadas que irían a Nova York. O vestido tiña un corte tan peculiar que non podía poñer ningún suxeitador debaixo, pero non importaba porque eu era fraca como un rapaz e apenas tiña curvas, e ademais gustábame sentirme case espida nas noites cálidas de verán.

Pero a cidade fixera esmorecer o meu moreno. Tiña a pel amarela como a dun chinés. Normalmente poñeríame nerviosa por mor do vestido e da miña estraña cor, pero estar con Doreen facíame esquecer as miñas preocupacións. Sentíame lista como un allo e cínica.

Cando o home coa camisa de leñador azul, pantalóns de sarga negra e botas campeiras de coiro repuxado botou a andar cara a nós desde debaixo do toldo de raias do bar desde onde estivera fitando o noso taxi, non me fixen ilusións. Sabía perfectamente que viña por Doreen. Foi tecendo o seu camiño por entre os coches detidos e debrozouse, sedutor, na beira da nosa xanela aberta.

—E que fan, se se pode preguntar, dúas mozas bonitas coma vós soas nun taxi unha noite tan boa como esta?

Tiña un sorriso amplo, aberto, digno dun anuncio de dentífrico.

—Imos a unha festa —espeteille, dado que Doreen se volvea subitamente muda como un pau e fedellaba cun aire indiferente na funda de encaixe branco da súa carteira.

—Soa aburrido —dixo o home—. Por que non vides tomar un par de copas comigo nese bar de aí? Teño uns amigos a agardar.

Indicou coa cabeza varios homes de vestimenta informal que estaban debaixo do toldo. Seguíranos cos ollos e, cando el os mirou, botáronse a rir.

O riso debера servirme de advertencia. Foi unha especie de risiño baixo, sabichón, pero o tráfico parecía poñerse en marcha de novo e eu sabía que, se ficaba quieta, nun par de segundos estaría desexando ter aproveitado esta oportunidade para ver algo de Nova York á parte do que a xente da revista planeara para nós con tanto coidado.

—Que che parece, Doreen? —preguntei.

—Que che parece, Doreen? —dixo o home co seu gran sorriso. Até hoxe non dou lembrado que aspecto tiña cando non sorría. Creo que debeu sorrir todo o tempo. Debía de ser algo natural nel sorrir daquela maneira.

—Ben, de acordo —díxome Doreen. Abrín a porta e saímos as dúas do taxi xusto cando comezaba a moverse de novo e botamos a andar cara ao bar.

Oíuse un chiar de freos terrible seguido por un par de golpes xordos.

—Eh, vós! —O noso taxista asomou a cabeza pola xanela cunha expresión furiosa, encarnada—. *Ande* credes que ides?

Parara o taxi tan en seco que o de atrás lle dera de cheo e vimos as catro rapazas de dentro atafegadas a tratar de se levantar do chan.

A campá de vidro

O home riu, deixounos na beirarrúa e volveu e deulle un billete ao condutor no medio dunha gran pitada xeral e dalgúns berros, e entón vimos marchar en fila as rapazas da revista, un taxi detrás doutro, como un cortexo nupcial composto unicamente de damas de honra.

—Vamos, Frankie —díxolle o home a un dos seus amigos, e un tipo baixo e achaparrado separouse do grupo e entrou no bar connosco.

Era o tipo de home que non aturo. Eu mido un metro setenta e oito descalza e cando estou con homes pequenos engrúñome un pouco e torzo as cadeiras, unha para arriba e outra para abaixo, para parecer máis baixa e síntome torpe e macabra, como unha atracción de feira.

Por un minuto tiven a louca esperanza de que nos emparellásemos por tamaño, cousa que me deixaría a min co home que falara connosco en primeiro lugar, e que pasaba ben do metro oitenta, pero el adiantouse con Doreen sen mirar para min dúas veces. Eu tratei de finxir que non vía a Frankie seguíndome como un cadelo e sentei á mesa de par de Doreen.

O bar estaba tan escuro que apenas distinguía nada, agás a Doreen. Co seu cabelo e o seu vestido brancos brillaba tanto que parecía de prata. Creo que debía reflectir as luces de neon de enriba da barra. Eu sentía que me fundía coas sombras, como o negativo dunha persoa que non vira nunca antes.

—E ben, que imos tomar? —preguntou o home do gran sorriso.

—Creo que vou tomar un *old-fashioned* —díxome Doreen.

Pedir bebidas sempre me paralizaba. Non sabía distinguir o whisky da xenebra e nunca daba con nada cuxo sabor me gustase de verdade. Buddy Willard e os outros universitarios que coñecía adoitaban ser pobres de máis para convidar a bebidas fortes ou directamente rexeitaban o alcohol. É abraiante a cantidade de universitarios que non beben nin fuman. E eu parecía coñecelos a todos. Ao máis que chegou Buddy Willard foi a comprarnos unha botella de Dubonnet, cousa que só fixo porque trataba de demostrar que podía ser un esteta malia ser estudante de medicina.

—Eu quero un vodka —dixen.

O home miroume con máis atención.

—Con algo?

—Só —dixen—. Sempre o tomo só.

Pensei que talvez faría o ridículo se o pedise con xeo ou con soda, con xenebra ou con calquera cousa. Vira un anuncio de vodka unha vez: só un vaso cheo de vodka posto no medio dun banco de neve baixo unha luz azul, e o vodka parecía transparente e puro como a auga, así que pensei que tomar un vodka só debía estar ben. Soñaba co día en que pedise unha copa e descubrise que tiña un sabor maravilloso.

Entón achegouse o camareiro e o home pediu as bebidas para os catro. Parecía tan a gusto naquel bar urbanita coa súa indumentaria de rancheiro que pensei que ben podía ser alguén famoso.

Doreen non dicía nada, só xogaba co seu pousavasos de cortiza e ao cabo prendeu un cigarro, pero ao home non parecía importarlle. Non deixaba de observala do xeito en que

A campá de vidro

a xente observa un gran guacamaio no zoo, agardando a que diga algo humano.

As bebidas chegaron e a miña víase clara e pura, como no anuncio de vodka.

—E ti que fas? —pregunteille ao home para romper o silencio que medraba arredor de min por todas as partes, mesto como a maleza da xungla—. Quero dicir, que fas aquí en Nova York?

Amodo e co que parecía un grande esforzo, o home afastou os ollos do ombro de Doreen.

—Son disc-jockey —dixo—. Probablemente oístes falar de min. Chámome Lenny Shepherd.

—Eu sei quen es —dixo Doreen de súpeto.

—Alégrome, bonita —respondeu o home, e botouse a rir—. Hache vir ben. Sonche ben famoso.

Entón Lenny Shepherd fitou a Frankie con insistencia.

—E logo de onde sodes? —preguntou Frankie endereitándose no asento dun tirón—. Como vos chamades?

—Esta éche Doreen. —Lenny pasou a man polo brazo espido de Doreen e apertouna.

O que me sorprendeu foi que Doreen non deu a impresión de notar o que el estaba a facer. Simplemente ficou alí sentada, morena como unha negra co cabelo rubio platino, co seu vestido branco, tomando con delicadeza a súa copa.

—Eu son Elly Higginbottom —dixen—. Son de Chicago. —Despois de dicir isto sentínme máis segura. Non quería

que nada do que dixese ou fixese aquela noite ficase asociado comigo nin co meu nome real nin con ser de Boston.

—E ben, Elly, que che parece se botamos unha baila?

A idea de bailar con aquel mazaroco cos seus zapatos de ante laranxa con alzas, a súa cotrosa camiseta e a súa flácida chaqueta azul deume gana de rir. Se hai algo que eu desprece é un home cun traxe azul. Negro ou gris, castaño mesmo, pase. Pero o azul dáme a risa.

—Non estou de humor —dixen friamente virándolle as costas e achegando máis a cadeira a Doreen e a Lenny.

A aquela altura parecía que aqueles dous se coñecían había anos. Doreen estaba a sacar os anacos de froita do fondo da súa copa cunha longa culler de prata e Lenny gruñía cada vez que ela levaba a culler á boca, ladraba e finxía ser un can ou algo e trataba de lle roubar a froita da culler. Doreen emitiu un risiño e seguiu a sacar a froita coa culler.

Eu comezaba a pensar que o vodka era a miña bebida, por fin. Non sabía a nada, pero entroume dereito no estómago como a espada dun tragasabres e fíxome sentir poderosa e divina.

—Será mellor que marche —dixo Frankie erguéndose.

Non o podía ver con moita claridade, o sitio estaba moi pouco iluminado, pero por primeira vez decateime do aguda e absurda que era a súa voz. Ninguén lle prestou atención.

—Eh, Lenny, débesome algo. Lembras que me debes algo, non si, Lenny?

Pareceume raro que Frankie lle recordase a Lenny que lle debía algo diante de nós, sendo nós unhas descoñecidas, pero

Frankie ficou alí de pé repetindo o mesmo unha e outra vez até que Lenny meteu a man no peto e sacou un gran rolo de billetes, desprendeun e llo entregou a Frankie. Creo que eran dez dólares.

—Cala a boca e lisca.

Por un minuto crin que Lenny mo dicía a min tamén, pero entón oínlle dicir a Doreen:

—Se non vén Elly tamén, non vou. —Teño que recoñecerlle o ben que pillou o do meu nome falso.

—Oh, pero Elly vai vir, non si, Elly? —dixo Lenny chiscándome un ollo.

—Claro que vou —dixen. Frankie esfumárase na noite, así que decidín ir ao rabo de Doreen. Quería ver canto puidese.

Gustábame observar outra xente en situacións cruciais. Se había un accidente de tráfico ou unha liorta na rúa ou un bebé en formol nun laboratorio, parábame a mirar con tanta atención que xamais o esquecía.

Sen dúbida, así aprendín unha morea de cousas que non aprendería doutro xeito e até cando me sorprendían ou me daban noxo, nunca o deixaba translucir, senón que finxía saber desde sempre que así eran as cousas.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO O 17
DE FEBREIRO DE 2023, 60 ANOS E 6 DÍAS
DEPOIS DO SUICIDIO DE SYLVIA PLATH

